

Núm 114

Tomo 10



nós.



CASTLAS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce números, na Península 6'00 pesetas.
Fora da Península 8'00 »
Número solto 0'70 »

NOTA

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

CANZÓN VII, por E. BLANCO AMOR
ULTREYA, —3.^a XEIRA.— BARBANZA
NOTAS PR O ESTUDO DA TOPONIMIA COMPOSTELAN, por LINO GOMEZ CANEDO
FALAN OS DE RIBADEO, por FRANCISCO LANZA
ARQUIVO FILOLÓXICO I ETNOGRÁFICO DE GALIZA
OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS.

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Rúa do Vilar, 15

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Santo Domingo, 47-2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XV ★ Ourense 15 de Xunio de 1933 ★ Núm. 114

C A N Z Ó N V I I

Ausenzas escadeiradas
e a rodar meu corazón.
¡Lémbranme, luas douradas!

ay amor.—

Berces do luar confuso
loiros vals, finos perdons;
mans que nin d' ollar m' acuso.

ay amor.—

Sementei mares ousados
co-as silandeiras canzóns.—
—Aza e frol i-eu mergullados—

ay amor.—

Señardás no vento chian,
ceibadas de min che son,
que acouganzas me fastían

ay amor.—

Valeirade de saudades
iste peirao da paixon,
espranzas que navegades

ay amor.—

1933.

E. BLANCO AMOR.



U L T R E Y A

3.ª xeira

BARBANZA

1933

Fai tempo que os rapaces da I Liña (Noia) matimaban faguer unha longa eiscursión, a pé, cumes enriba, a fortalecer o corpo no ar das montañas e a educar o espírito no estudo e coñecemento do chan nativo; unha volta pol-a campia tal como fan todas as organizacións mozas da nova Europa; unha xeira a decorrer un recanto da patria, tal como as ten sinalado o consello reitor de ULTREYA.

Escollimos a catro rapaces alumnos do Instituto: Xohan Freire Antelo, Francisco Castro Lorenzo, Xohan Nieto Túñez e Xosé Fernández García. Est a xeira cumpría dobre finalidade: mobilizar aos ultreyas mostrando co-a realidade o fáciles que son de faguer eiscursións desde tipo, e acometer o intento dentro do ámbito do Instituto noiés, coma un novo tipo de estudos. De conquistar nosos fins —penséi— a primeira Liña terá aberto un vieiro no que traballar atinxindo a máisima eficacia e, en tempos a vir, poderá botarse a coñecer o curso do Tambre, as serras de Mazaricos, a bisbarra do Xallas, a ría Muros-Noia na súa totalidade, etc.; e o noso Instituto, que tantos ensaios leva feitos e sempre coreados pol-o éisito, poderá maxinar pra cursos sucesivos un tipo de eiscursión escolar económica, útil e sempre porveitoso.

Propuxen que o fito da eiscursión fose o coñecemento do Barbanza, hastra agora pode decirse que inédito na bibliografía feita eiscección do estupendo catálogo prehistórico-folclórico de Cuevillas e Bouza-Brey publicado pol-o Seminario de Estudos Galegos. Desenrolado meu desexo, meus alumnos os ultreyas devanditos poderían coñecer unha península decorrida nos seus eixes fundamentaes e unha zona prehistórica de probada valorización, a máis de ouservar de visu tipos de poboazón, froras de montaña, labouras de agro, freiguesías aínda no cerne do seu desenvolvemento, etc. A eiscursión remataríase estudando un faro, ese mito enmeigado dos faros —altar dos máis insiñes martiroloxios— que os nosos alumnos saben de leituras de aula pro que ninguén viu de perto, no seu funcionamento, organización e traballos.

Fíxose a xeira e ides ollar no relatorio dos rapaces a impresión que neles fica. Penso que conquerimos nosas arelas. Folga decir, é craro, que en todo instante puxou por nós a ledicia de botarnos enteiramente no colo materno da Natureza, de zugar directamente seus xugos virxinaes —inesquecible leición de vida— e de ligar en nobre e patriótica conversa a nosa pequena cultura de homes que encomenzan a adprender co-a vella e controlada sabencia dos vellos pobos enraizados nun doroso ensino de séculos.

Xa en nós ficará pra sempre a lembranza inmorredoira das paisaxes, das falas dos labregos, das cancións dos mariñáns, de todo este pequeno mundo que se atinxe co-a man e que non por pequeno é menos intrésante: pra nós ben máis intrésante por certo que a

illa de Madagascar ou o curso do Ganxes, ou tantas cousas que se teñen de estudar namentras se ifora nosa propia Terra. Si pol-os carreiros e congostras por onde nós fumos conquerimos deixar o ledo recordo da nosa xuventude, sempre cobizosa de falas; si nos labregos e nos marifias que topamos no roteiro fica por algún tempo a impresión agarimosa dos cinco estudantes que nos chegamos a eles humildosos e fraternos, nosa xeira atinxiu todas as suas cobizas. Que sexa así pol-o ben da Patria.

ALVARO DE LAS CASAS

Catro ultreyas, alunos do Istituto, saímos na compañía de D. Alvaro o día 25 ás catro da serán nunha camioneta que levaba xente da feira pra Rianxo. Baixamos en Moimenta perto das cinco. Descansamos un pouco e perparamonos pra facer a ascensión á montana. Tem'o incerto. O termómetro sinala 15 grados e o altímetro 220 metros.

Por unha costa moi pendente chegamos ás 6,15 á caseta da repobración forestal, na caída N. de Coto Cativo. O termómetro oito grados e o altímetro 320 metros. Acougamos



Os cinco excursionistas

media hora. Saimos encomezando a orballar e na compañía de dous guardas que nos puxeron en camiño. Seguimos pol-o cortafogo como un kilómetro, envoltos nun neboeiro que non deixaba ollar nada, e ameazando chuvia; camiñábamos como na noite máis pecha. Chegando á alamburada pasamos moito medo, pois estamos perdidos sin ollar camiño, arbore nin cousa vivinte. D. Alvaro guiábase pol-a brúxola. Entón, como por milagre, rompeu o neboeiro e pudimos ollar un paisaxe enorme; avistamos dous lugares que pol-o mapa supuxemos serían Queiro e Ne-

bra. O mar roxía aos nosos pés, nunha profundidade inmensa. O altímetro na alamburada sinalaba 560 metros.

Por medo a que a noite se viñese encima baixamos en liña recta seguindonos pol-a brúxola co-a enfilación de Nebra. Foi a costa máis terrible que baixei na miña vida. Caímos todos varias veces, pois baixábamos aos rolos, peor que unha parede. Tres ou catro veces pasamos medo de andar perdidos. Aquél demo de costa non tiña fin e nosas pernas xa non tiñan conta de nós. Ollamos a un home, berrámoslle e con él fumos a pillar o camiño dun regato por onde pasamos, xa de noite, seguindo hastra dar no lugar de Resua, onde pedimos pousada. Un home acompañounos hastra a taberna de Nebra, onde algúns coñecían a D. Alvaro. Eiqué ceamos latas de sardiñas, pan e viño. Tiñamos moita fame e comimos moitísimo. Logo enchimos as colchonetas con palla e deitámonos a durmir. Serían as once.

O día 26 espertámonos ás oito. Descaunamos café con leite, pagamos por todo 11,50 ptas., fumos a ollar a irexa e collimos o camiño. O taberneiro aínda nos acompañou hastra o regato. Pasamos o lugar de Castrallón, e logo o lugar da Terrona. De eiqué veu un rapaciño con nós pra guiarnos. Fumos pol-o Campo da Coviña, onde descansamos, e onde o rapaz se despediu de nós. Logo subimos ao Enxa, que noso altímetro tasou en 440 metros, baixamos a Montemuíño, cruzamos a carreteira da Madanela e fumos a Baroña onde xantamos moi ben na casa do señor abade D. Manoel García Alvarez que nos convidou con moita xentileza. Logo (eran as tres) fumos á carreteira do Son, que cruzamos, e a visitar o Castro que fai días descubiron e que nos gostou moito.

O Castro está a unha altura de vinte metros.

Volvimos á reitoral e continuamos hastra a carreteira da Madanela. Hastra eiquí acompañounos o simpático Sr. Abade. Logo, sube que sube, continuamos pol-a carreteira con tempo frío. Termómetro nove grados.

Anoitecendo chegamos a Pousacarros onde ceamos ovos fritos, caldo, pan e viño. Durmimos en camas e desaanamos café con leite; cobráronnos por todo dez pesetas.

Espertamos ás nove; chovía á mares e non se vía nada. Quedar non podía ser, volver do Son era máis lonxe que seguir, pedir un auto era longo e a costa da carreteira perigrosa e decidimos animar á D. Alvaro e seguir. Veu con nós un guía e botámonos ao monte.

Pasamos o río Sicira e apandamos co-a terrible costa dos Forcados. Logo chegou o altímetro á 500 metros. Pasamos os Forcados número 1 (600 metros) e alá pol-a unha e media chegamos á Santa Cruz de Lesón. Dimoslle ao guía cinco pesetas, que non quería coller, pois parecíalle moito. Esta xornada fixémosla sempre chovendo á cántaros, como no día peor do inverno. Nunha casa de Santa Cruz fixéronnos lume, enxoiámonos e descansamos. Logo fumos, máis adiante, á taberna, onde comemos ovos fritos, pan e viño. Cobráronnos 6,50 pesetas.

Seguímos á Puebla, onde tomamos café e ollamos unha balea moi grande que acababan de encontrar os mariñeiros e que xa quería comprar un de Vilagarcía en 5.000 pesetas.

Seguímos por Palmeira á Riveira, onde chegamos ás sete. Ceamos n-unha fonda moi boa e dormimos en cama e ao día seguinte desaanamos café con leite. Cobráronnos por todo 21'50 pesetas. Eiquí fumos ao cine e estivemos moi convidados por todos. Quedamos moi contentos.

Saimos ás nove ben pasadas da mañán ao día seguinte, e pol-o Río de Pedrín, que outros chaman de Pepe Sevilla, fumos ao monte da cibdá, á 180 metros de outura. Din que é un castro moi interesante, pro nós non lle vimos nada de particular. O que nos gustou moito é a mámoa, da que se fala no libro

de Cuevillas, libro que nos leeu D. Alvaro e está escrito en galego.

Logo fumos pol a carreteira de Corrubedo á ollar o estupendo dolmen de Axeitos, que está moi ben conservado. O paisaxe que o rodea é do millor da nosa Terra.

Logo fumos á xantar á unha taberna de Bretal, ovos fritos e unha lata de sardiñas, pan resésego e viño; costounos todo 4'60 pesetas.

Despóis fumos á Corrubedo, onde chegamos contra as seis da tarde. Aquelo foi un tumulto. A xente tomounos por titiriteiros e os rapaces corrían por centos detrás de nós; en ningunha casa nos querían dar pousada e xa estábamos decididos á voltar á pé á Riveira. Por fin topamos un café e alá quedamos.

Despóis de descansar e na compañía do maestro, fumos á ollar o faro, onde estuve-mos máis de tres horas, vendo o libro diario, os partes metereolóxicos, etc. Tamén vimos como o encendían, que é cousa moi curiosa e da que un non se decata ven hastra que a vé. O torreiro, que se chama D. Antonio P. Díaz, portouse con nós como un pai; expricounos todo e mostrounos a *Revista de Faros*, onde reproducen un artigo de D. Alvaro con moitas gabanzas.

Xa con ben noite, e choviscando, voltamos ao pobo. Ceamos unha boa empanada de sardiñas con viño moi bó; xa nos tiñan as colchonetas cheas de palla, así que axiña nos fumos a deitar pra madrugar. Cobráronnos por todo dez pesetas. O maestro señor Villanueva convidounos á café.

Tardamos moito en dormir, pois estuve-mos moito tempo conversando. Este Corrubedo é un sitio de moitos naufraxios e que pon moito medo. Aquí se perderon o «Saliar», o «Palermo», o «Marletón», o «Don Pedro», o «Connisbug» e outros moitos grandes trasatlánticos. O Antelo estaba sempre facendo chistes e non nos deixaba dormir. Aquelo foi unha festa. Cando nos dormimos eran máis das duas.

Ao día seguinte erguímonos ás cinco e saímos en auto de liña pra Riveira, e dende aquí tamén pol-a liña á Noia. O auto dos cinco veunos á costar 25 pesetas.

Chegamos á Noia ás nove da mañan, moi

contentos e satisfeitos, dando por rematada a excursión.

XOHAN NIETO TUÑEZ

Saimos de Noia na serán do día de San Marcos, unha feira das máis importantes que hai na nosa vila; deixa n-ela moito diñeiro e proba d-ésto son as seguintes anotacións: o concello recaudou por arbitrios 103 pesetas; un comercio, nin dos millores nin dos peores, vendeu 500 pesetas; unha tenda de comestibles vendeu 200 pesetas, e unha fonda, d-esas como hai moitas, dou de xantar a 300 persoas. Sin embargo compre decir que este ano non alcanzou a feira a importancia de outros anos, posto que non chegou a competir co-as festas do Patrón, cando n-outros tempos tivo tanto ou máis valor.

En este día vese en Noia xente moi diferente á nós pol-as suas costumes e pol-o xeito de vestir e de falar: mentras que unhas mulleres visten mantón con freco longo propio da banda de Esteiro e Muros, outras tráennó de alfombra con côres charramusqueiros, como as de Rianxo. Os lugares máis concurridos da feira son: a Angustia onde é costume mercar os potes e toda crás de pucheiros de Buño, lotes de cebola e leitugas e os afamados cestos de corres, noutras terras chamados bimbios; o campo de San Francisco cos seus árbores aitosos, baixo a sonda que se venden as balocas novas que xa temos n-este tempo e as vellas que se mercan pra sementar, o ceboliño de San Cosme e outras cousas de horta; o campo da feira onde se fan as carreiras de cabalos, véndose n-elas cousas tan paveras como as carreiras dos mozos da vila nos cabalos dos probes labregos que, coidando que il-os van á mercar, déixanos pasear hastra que cansos pónenlle ao cabalo calquer defecto; á beira da estrada de Muros, onde hai postos de arreos, timoeiros, xugos e trallas. Costume moi chocante é que no paredón da cárcel puxéronse, como facían antigamente, as mozas que veñen pra se alquilar de criadas, todas en ringleira, mostrando os callos das mans. O máis bonito é ollar a Porta da Vila, onde

se poñen os postos da quincalla, os pandeiros, os follalateiros, as mulleres de San Cosme que venden os sombreiros de palla, os charlatáns, etc.

En Moimenta baixamos do auto. Moimenta é unha pequena aldea de unhas vintecinco casas, na que soio topamos tres mulleres, unha d elas moi lingoeteira, que parou á falar con nós e á bromear decindo que iamós ás pandeiradas de Nebra, terra, según nos dixo, de mozas ruis. Estas mulleres vestían de escuro, ao xeito da vila, pero con sombreiro de palla, como as noiesas.

Subimos pola repobraci3n á darme en Nebra, onde a xente nos tomou por pandeiros. Ao chegar escoitamos unha pandeirada que se facía nun pendello veciño; son as afamadas pandeiradas de Nebra que teñen sona por todo o arredor. E-te lugar de Ne-



Unha casa da citada

bra é famoso pol-as mortes que fixo a Guardia civil alá pol-o ano 1916, cando foi dos consumos. Aínda o recorda toda a xente.

Na mañan seguinte saímos pol-o Enxa camiño de Montemuño, na compañía d-un cativo que nos serviu de guía. Na saída do lugar matamos unha *escansa* que é un bicho semellante á unha cobra pequena, que según dí a xente, pica 6s martes e 6s viernes, facendo moito mal. Cando pasa ésto hai que ir axiña á un regato e lavar ben a picada cun seixo branco. Fora d-estes días a *escansa* non aparece nunca e cando aparece non pica.

En Montemuño ollamos un cruceiro cun farol cheo de óleo, que tiña no peto das áni-

mas moitas cadelas ou carochas que tamén lle chaman eisi.

Fumos xantar á Baroña, na casa do abade, que nos convidou moi regaladamente. Baroña aínda que está pertiño do mar é un pobo labrego onde toda a xente anda á traballar nas terras. Eiquí hai unha escola particular.

Despóis de xantar fumos ao Castro, onde están facendo escavacións. Había por alí moita xente dos lugares veciños; aquilo é unha romería, pois todos pensan que vai aparecer unha mina de ouro. Á nós tomáronos por enxeñeiros e andaban un pouco escamados véndonos rebulir d-unha parte pra outra. Preguntamos á algunhas mulleres pol-o choio do Castro e nos dixeron que ésta fora unha cidade dos mouros que aínda viñan pol-as noites dos sábados á cantar e á troulear; que aquí había dúas minas, unha de ouro e outra de veneno e que o que dise con ésta morría. Ao ismo da península chámanlle lugar das campas e din que alí hai enterrada moita xente.

Fumos durmir á Pousacarros, na ribeira do Sieira. É un lugar de catro veciños que viven como os máis pobres do mundo, que segun soupemos son moi ricos, pois o que menos ten na casa aforrados máis de cinco mil pesos. Son a casa do Paulino, a do Felipe, a do Xoseño e a do Manoel. Soio ven o viño e o pan trigo o día da festa da Madalena, que é moi sonada. Son de carácter moi tristeiro e calado. A casa onde nós paramos semellaba na entrada a coba d-unha bruxa; arriba no piso era algo millor. As xentes que nos diron pousada semellan ser moi boas e honradas. O home da casa di que é astrónomo e que sabe moitas matemáticas; sabe o nome de todas as estrelas, o sitio onde están, as horas que marcan e outras moitas cousas.

Na mañán seguinte saímos á subir os Forcados en compañía d-un guía, pois chovía e había un neoeiro que non deixaba ollar nada. Pasamos vendo a capela de Santa Madalena, onde se fai a gran festa: á ela veñen todos os que teñen feridas, e logo deixan pendurados nas silveiras os lenzos co-a sangue pra que queden á secar nos aires da Santa.

Pol-o camiño foinos contando o guía (que

é neto do Felipe) que todo o Barbanza está cheo de casas dos mouros.

Chegamos á xantar á Santa Cruz de Lesón, na taberna; pro denantes paramos n-unha casa onde pedimos caridade de fogo pra enxoitarnos, pois íamos mollados como pitos. Santa Cruz xa está na estrada e semella un arrabal d-unha vila.

Logo fumos á Puebla e despóis á Riveira, onde durmimos.

Na mañán seguinte fumos á ollar o monte da Cidade e logo á muiñeira do San Alberto, onde topamos dous homes que nos levaron á Axeitos. Era un labrego do país e outro que tiña andado de emigrante por Norteamérica. Dixeronnos que o país non era moi rico pois a familia de mais capital en algunhas legoas ao redor non pasaría dos vinte mil pesos.

Entramos en Corrubedo por antre duceas de rapaces que corrian tras de nós como si fóssemos xitanos ou titiriteiros. Corrimos oito ou nove casas, fondas e cafés sin que nos quixesen dar pousada, acaso confundíndonos con maleantes. Por fin topamos albergue no café dunha señora moi simpática que nos diu de ceir unha boa empanada de sardiñas. Eu penso que esta señora nos acolleu por que chegou por alí de casualidade o maestro do Pósito Sr. Villanueva que é amigo de don Alvaro e ao ver que eramos xente conocida seguro que perdeu o medo.

Estudamos detidamente o faro, deitámonos e á mañán seguinte regresamos a Noia no auto de línea, chegando a nosa vila ás nove da mañán.

XOAN FREIRE ANTELO

Saindo de Noia, a un kilómetro e como a cen metros da carreteira, deixamos o dólmen de Coba da Moura que non nos detuvemos a ollar por ser conocido de todos. Os do Instituto temos ido a él moitas veces e na aula de Historia temos de él unha linda maqueta que fixo D. Alvaro. É un dólmen moi bunito pro que lle faltan as pedras da cobertura.

Baixamos en Moimenta e non nos chegamos a ollar as mamoas de Cures que cita o Seminario de Estudos Galegos, por estar fora do noso derroteiro e perder nelo moito tempo.

Na primeira xornada, ou sexa o día 25, non ollamos nada de prehistoria.

O día 26 fumos pol-o Enxa onde todol os labregos din que hai unha cidade de mouros. Eu penso que si eiquí se escavase aparecería algo. Semella un castro con dúas defensas e plataforma moi grande con pedras que lle fan unha defensa natural.

Pol-a serán fumos a ollar a citania de Baroña, descuberta pol-o carabineiro D. Pablo Díaz que nol-a mostrou. É un señor de moi-ta cultura que leva traballando n-ela dende xoves santo. Este señor ten unha colección moi boa de moedas e moitas antigüedades.

O castro está nunha península (nos mapas chámase punta do Castro) cuyo ismo chá-



Dolmen de Axeitos

mase *logar das campas*; aquí foi onde apareceu a lápida román en mármo que se garda en Queiruga e que foi levada á exposición de Compostela. Neste lugar olláanse restos dunha calzada román e as xentes din que hai homes enterrados e que aparecen encantos.

Logo do ismo olláse unha altura do terreo con pedras que semella unha muradela. Despois chégase ao castro propiamente dito, todo arrodado de muradela con porta principal: o oco vese moi ben.

No castro hai dúas penedas que D. Alvaro pensa que están insculturadas, pro don Pablo di que non. No castro olláanse moi ben as plantas de dazasete casas circulares e síguese ben o trazado de outra muradela. Unha de estas casas xa foi aberta, a primeira de contra o sul, e apareceron nela dúas agu-

llas e unha anela de bronce, tres machados neolíticos, dous muiños de man de roda e unha enormidá de cerámica, casi toda decorada, pro ningunha policromada. A decoración que domiña son bultifios como garabanzos e incisións como espiña de peixe. Esta casa aberta ten cinco metros de diámetro. O día que se abran todas con certeza que han aparecer moitas cousas.

O día 27 non ollamos nada de prehistoria.

O día 28 ollamos perto de Riveira o castro chamado Monte da Cidade que teñen moi ben estudado Bouza-Brey e Cuevillas no seu libro *Prehistoria e folklore de Barbanza*. Ollamos moi ben a mamoa de que falan e gostounos moito, moito mais que o castro onde non ollamos nada.

Logo fumos ao dolmen de Axeitos que é a cousa mais bunita que ollei na miña vida. Está tan ben que parez que foi feito onte. Reparámos na inscultura de que se fala na obra galega citada e comprobamos a esactitude de todo menos a ourientación do dolmen que asegún a nosa brúxula ten a porta ourientada ao Este e non ao N. E. como está no libro. A rectificación nol vai a pena.

Aquí fixemos unha foto estupenda, o millor que se pode facer, e compria pois nunca foi ben retratado.

Esto foi o que ollamos de prehistoria.

XOSÉ FERNÁNDEZ GARCÍA

Sáimos de Noia collendo o val do río San Francisco e partindo da sua confluencia co Traba onde forma unhas marismas moi fermosas, entre xunqueiras. O paisaxe por aquí e moi belo: piñeirales, terras de traballos e as casas espalladas dos lugares da freiguesía de Tállara.

Logo encoménzase a partir de Sobreviñas a subir unha costa moi pina que vai collendo a estribación O. de Confurco hastra chegar a Moimenta, punto da divisoria onde nace o San Francisco que para en Noia e o río de Goyán que vai parar á ensenada do Cabó da Cruz. Xa é terra montanesa, moi desartolada e pouco poboada; soio se alvistan os lugares de Cures alá no fondo e a bastante longura. Moimenta é un lugar de unhos

vintecinco veciños, probe, con casas en pranta arredondeada algunhas d'elas.

Encomezamos a subir a costa de Fontefría entre carpazas e toxos baixos, sin ollar unha casa e cruzándonos con duceas de vacas bravas, que algunhas impuñan respecto, pois semellaban touros das corridas. Denantes era aquí onde se viñan a buscar os touros prás famosas corridas de Noia de que fala o poeta Labarta. Dende a cume, erma e desamparada, ollase un paisaxe imponente, toda a ría de Arousa na súa beleza sin par; os pobos branquiños da beiramar parez que se collen co-a man. Por aquí vai-se a Lidón, lugar de dúas casas moi típico que inspirou un conto precioso a Romero Blanco.

Deseguida entramos nos arames da repobración forestal, que cruzamos de Leste a Oeste. Aínda está nos comen-zos e os piñeiríños nin se ollan apenas: están enterrados en pozas e levantan apenas unha coarta.

Logo chegamos á caseta dos guardas: probe, sinxela e moi simpática. D. Alvaro di que lle gustaría vivir aquí, pro é un sitio medoñento, sin arbres, nin xente, nin cousa viva que se olle: semella estar un soio no mundo.

Cruzamos unha chaira longa, sempre pol-a repobración, hastra dar cos outros arames. Aquí encomenza unha pendente bárbara, dun desnível incalculable: semella caer a pico sobre o mar, sobre a costa da Agueira. Arrodeanos unha natureza esquiua, agría, de serra brava, pro olláse un val fondo e verdecente, con poucas casas pro cun arbolado precioso que parece dende esta outura sinalar o curso dun río.

Baixamos esta costa a pico, aos rolos, caéndonos e rafiándonos nos toxos; parez que andamos nunha expedición en país de lobos. Hastra dar co carreiro, casi ao fin da costa, non ollamos en toda a seran dende Moimenta nin un lugar, nin unha casa, nin un arbore: vacas bravas (nesta ladeira moitas mais que na de Moimenta), toxales, penedas (na cume do Diraitte altas como castelos) e corvos. Esto parez un paisaxe de maldicións.

Choutamos por unhos pasales o regato de Queiro, xa con noite, baixo ameneiros ro-

mánticos, e voltamos a subir un pouquiño hastra o lugar de Resua. Dende aquí fomos á irexa de Nebra e rente dela, nunha taberna, pasamos a noite.

Nebra é un lugar moi fermoso na vista do mar, un pouco no alto, con terras moi ricas de laboura adicadas a liño, millo e balocas. Olláanse moitos frutales. Está no pé do Diraitte (outros dñn Iroite) pro dende aquí non semella cuan outo está o monte e que costa espantosa tivemos que descer.

Camifamos pol-o lugar de Castrallón enfiando a cume do Enxa. Dende esta montaña olláanse as terras de Son e Portosín, portos moi probes. Por aquí xa non hai gando bravo pro as penedías son maores. Fora do recuncho de Nebra ollase que estas aldeas



Fortificación do castro de Baroña

son moi probes pois toda a costa O. do Enxa é unha pedreira que non pode dar nada. Ollase moi ben a entrada da ría de Noia, o Monte Louro e a entrada de Corcubión; percíbese como rompe o mar nos centos de baixos tan peligrosos como abundan por estes acantilados.

En Montemuiño volta a aparecer poboación que semella aproveitar un recunchiño aproveitabre, voltan as penedas e chegamos a Baroña, perto da carreteira e casi a nivel do mar. É unha aldea probe pol-o que parez pro moi limpa e axeitada.

Deiquí subímos pol-a carreteira á longa costa pra a Madalena, entre negros piñeirales (dende Noia non ollamos un piñeiral con excepción do pequenísimo de Castrallón). Paisaxe moi acidentado, bordeando

sempre barrancas fondísima; a carreteira serpentea un precipicio de película. Salvamos as cumes de Boaseca e caímos, semella-ba que caímos, no buraco de Pousacarros, na ribeira do Sieira. Viñamos de salvar cumes ermas e inhospitas e aquí voltamos a ollar verdor, terras de traballo e xente, sobre todo xente, pois esta excursión parez que a estamos facendo por un deserto. Dende a saída de Nebra non voltamos a ollar gando bravo.

Pousacarros é un lugar de catro veciños, de primeira impresión miserabre: aquí non hai nin un lavabo pra se lavar, nin pantrigo, nin tenda, nin nada. As casas semellan cobas e a xente parez que vive en mesturanza con gando. Mais según dín é un lugar moi rico e non hai veciño que non teña aforrados en ouro cinco mil pesos. Non gastan en todo o ano un patacón, aforran todo e o gando bravo producelles moito pol-as puchas que venden nas feiras de Noia e a Puebla. Aquí ollamos por primeira vez gando cabrío aínda que pouco. As catro familias semellan dunha tristura moi grande e parez que nos teñen medo. Estrana que vivindo así e nesta lonxanía vistan pouco típicamente e falen un galego adulterado que parez o das vilas.

Na mañán seguinte subimos por Pedras Negras aos Eorcados número Un ollando xa gando bravo pro moi pouco e non tan fero como o que tiñamos visto hastra agora.

Pasamos a penichán dos Forcados que era un diluvio, enterrando os pés nun verdadeiro fangal. O mesmo paisaxe que ollamos sempre no Barbanza: pedras, monte baixo, falta total de árbores e vacas bravas; aquí ollamos tamén unha manada de eguas do monte, desas que semellan sin dono e andan a brincar de un sitio pra outro como micos.

O val do río Barbanza en troques é admirable, de pendentes agudas, todas arboladas

de piñeiros novos, embocando a ensenada da Puebla. Xantamos en Santa Cruz de Lesón despedíndonos do Barbanza, pois dende aquí a paisaxe xe é totalmente diferente.

O macizo central por onde andivemos queda dito que ten un aspecto de gran unidade, domiñando sempre a súa formación granítica, descarnada pol-os ventos, sin vexetación. Os piñeiros chegan hastra alturas de unhos dous centos metros e dende aquí xa non se avispas un arbore; eu penso que será pol-o gando bravo que acaba con todo.

Da Puebla a Ribeira fumos costeando nunha carreteira que parez a rúa dunha cidade, toda chea de casas a un lado e a outro. De Ribeira fumos ao monte da Cidade dende onde se olla toda a ría de Arousa é boa parte da de Noia, e a costa galega dende Finsterre hastra Cies, con todo detalle.

Dende a falda da Cidade hastra Corrubedo por Artes e Salmón vai ún sempre entre casas, por terra chan, e casi a nivel do mar. Quero decir que no pé da Cidade e na vertente S. S. W. ollase a lagoa do Carragal con moito folklore, xa recollido.

En Corrubedo conven anotar as dunas que se amontoan no ismo e que na marusia chegan a pechar a carreteira. Corrubedo, cos seus 2.000 habitantes, é tan probe que soiamentes se mantén do mar pois a terra é unha pedreira que non dá nada nin ten conca pra coller dous carros de balocas. O pobo é branco como unha pomba e fai unha impresión inesquecible. Mais de noite impón moito, tan escuro e sempre co zoar do vento e o halbordo medoñento do mar. D. Alvaro díxonos un verso de Bouza-Brey que está moi ben:

O faro de Corrubedo
con seu ollar largasio
ai, amor, púxome medo.

FRANCISCO CASTRO LORENZO





NOTAS PR-O ESTUDO DA TOPONIMIA COMPOSTELAN

AS RUAS DO FRANCO E DA RAIÑA

Por LINO GÓMEZ-CANEDO.

CALQUERA que coñeza un pouco a siniflización de Sant-Yago no desenrolo da nosa historia pode supór que cheo d'intrés ten d'estare o capidoo adicado á vella cidade no estudo, aínda por facer, da nosa toponimia. Por se poideran chegar a ser de algunha utilidade, cando alguén s'apoiña ao traballo dito, quero publicar hoxe unhas pequenas notas que teño recollidas en col a dúas veellas ruas composteláns: a Raiña e o Franco.

Unha créncia moi espallada no pobo coída que á rua de Sant-Yago chamada da Raiña venlle seu nome de ter topado hospedaxe n-o espital qu' houbo en tempos n-a dita rua Santa Sabela raiña de Portugal. Recollen ista tradizón as *Guías*, antr-elas a mais detida, xa que non decote a millor informada, dos Sres. Fernández Sánchez y Freire Barreiro (*Santiago. Jerusalén, Roma. Diario de una peregrinación*, t. I, p. 168; Santiago, 1880).

No vol. IV, 1889, pp. 193-96, 201-4; 209-14, de *Galicia Diplomática*, D. Bernardo Barreiro adicou un longo estudo a desfacerlos moitos anacronismos que s'atopan na obra de Neira de Mosquera, *La Marquesa de Camba*. N-il achans'istas verbas, que son boa proba do confusionismo espallado en col d-a custión: «Por lo que toca a la rua del Raiño (así a chamaba Neira) jamás llevó ese nombre, sino el de *Rainha*, tal como suena en portugués, y no en gallego que sería *Reiña*, diminutivo de Reina. Este nombre es originario de la tradición que existe de que en el hospital y capilla que había sobre la

fuelle del Franco, (y la capilla recibe culto actualmente) residió durante algunas temporadas en diversos años la reina de Portugal Santa Isabel que hacía a Compostela visitas muy frecuentes a causa de que en su época los portugueses se habían anexionado y trataban de conservar y adquirir la mayor parte de la Galicia meridional. Esto es lo más razonable respecto a la etimología del nombre de esta calle. La hospedería-hospital debió tener por otra parte, mucha importancia, comodidad y rentas en el tiempo de las visitas regias a que nos referimos».

Mais iste sentir do pobo atópase en desacordo certo coa verdade. Uns achádegos casuaes veñen a confirma-lo enteiramente. Folleando, logo vai facer un ano, no *Tumbo C* do Arquivo da Catedral de Sant-Yago, topei, cando m'achaba ben tonxe de pensa-lo, un estromento no que María Peres é o seu home e seus hirmans fai venda a Martín Peláez d-unha casa en «Fonte Regine, sita inter alliam domum quae fuit Martini, et ex alie parte congustram qua itur ad villare et ad Fonte Franci...» A carta de venda foi feita o 12 de Junio de 1235. (Fol. CXXV v.)

Catro anos despois, Auroana Peres, hirmán de María, confirma ista venda que xa denantes suscribira (Fol. CXXIV v.)

Non faria falla mais pra pôr de manifesto a falsedade da tradizón sabeliana. Os romaxes da Santa a Sant-Yago foron feitos un século despois, a primeira vegada ven no ano 1326 con moita e brillante compañía de

donas e cabaleiros, a segunda, 1335, chegou soia e descoñecida, acolléndose nos espitales e pousadas de pelengrinos coma unha probe pedichenta. En col d-ista derradeira romaxe debiu xurdir a lenda do seu acougo no espital que se di había entón na rua qu'oxe chamamos da Raiña. E poño «que se di», xa que nos fallan enteiramente probas documentaes do dito espital na Edade Media.

O testemoyo mais antergo que puider atopar sobr' iste espital achase nas *Memorias do cardeal Jeromo del Hoyo* (1610-1611), onde se di: «Esta es una casilla pequena donde se acojen ciertas mugeres pobres. En este hospital hay nueve camas; dicen tiene una carga de centeno de renta. Prouee los pobres que mueren en el hospital el cardenal Bermúdez por su dignidad». (Fol. 152 v.)

No ano 1571 fixera outra visita ós espitales de Sant-Yago o Arcebispo D. Cristóbal de Valtodano, pro n-ela non se di ren d-il. (Arch. Arzobispal).

En ningures atopamos a mais pequena réfrência a iste lugar de benfeitura. O mesmo Sr. Villamil e Castro no fondo estudo que baixo o tido *Reseña histórica de los establecimientos de beneficencia que hubo en Galicia durante la Edad Media, y de la erección del Gran Hospital Redil de Santiago fundado por los Reyes Católicos*, publicou en *Galicia Histórica*, pra nada fala d-iste espital.

Cando dispoñía istas liñas pra imprensa, tiven aínda a fortuna d-atopar, no mesmo *Tumbo C*, fol. 210, outra carta de 25 de maio de 1169, na que Guillermo Peres fai venda ó coengo Diego Ordóñez do quinón que tiña n-unha casa da rua de «Fonte Regina». — A rua da Raiña — non colliu, d-aquela, o seu nome de Santa Sabela de Portugal.

¿En cal outro feito teremos de achar o seu orixen? Ben poidera ser en D.^a Urraca que tantas vegadas veu a Santiago. Mais isto non e senón unha sospeita.

O mesmo di D. Bernardo Barreiro na sua «Guía histórica, artística... de Santiago», in-

cruída no «Programa» das festas do Apóstol pra 1889, p. 27.

En col o nome da rua do Franco vemos, da mesma maneira, en fondo desacordo os autores. Pr-os señores Moreno Astray (*El Viajero en la ciudad de Santiago*, apénds.) y Fernández Sánchez (*Diario de una peregrinación*, I, 154) iste nome foille doado coma homaxe a Fonseca, chamado pol-a sua generosidade o *Franco*. Mais isto e por enteiro falso, xa que tal nome atópase cuase catro sigros denantes de Fonseca.

Vimos xa como s-atopa nomeada no devandito estromento de venda do 12 de Junio de 1235.

En «Galicia Histórica» *Colección Diplomática*, 219, 221, 222, foi xa publicado o testamento do cardeal de Sant-Yago, D. Lourenzo Domínguez, feito no ano 1276 e n-o que se nomean varias vegadas a rua de *fonte de franco*, o mesmo qu'as ruas de *Ortis e Preguntoiro*.

No nomeado *Tumbo C* tiven fai pouco a fortuna d-atopar dous documentos dos anos 1189 e 1194 nos coes dóase a dita rua o sempre nome de *Franco* (Fols. 254v-255v e 190 respectivamente).

Cecais se poidera dir que a rua do Franco foi en tempos vellos o lugar onde pousaban as xentes orixinaes de Franca.

Pro non podó comprender coma ó señor Carré y Aldao li-escapou a falla hestórica de que a dita rua sexa a vella *via Francigena* do Calixtino (*Geografía del Reino de Galicia. Coruña*, t. II, 942). *A via Francigena* é, pouco mais ou menos, a *rua de San Pedro*, dos nosos días.

Istas notas, se non botan moita lus sobr'o verdadeiro orixen das duas enxebres ruas compostelans, cojdo eu que desfán pra sempre as lendas qu'en col de elas viñan dominando na tradizón do pobo e que vimos de ver como s'achaban moi lonxe da verdade.

Sant-Yago, maio-1933.





FALAN OS DE RIBADEO

(NOTAS FOLKLÓRICAS E LEISICO-GRÁFICAS
RECOLLIDAS N-ISTA VILA)

POR FRANCISCO LANZA.

ADIVIÑANZAS

¿QUÉ SERÁ PR'ADIVIÑAR?...

Cando sal da casa vai calada;
cando chega o monte, salta e brama.

A brosa.

Cando vai pr-ó monte, vai retorta;
cando ven, ven estirada.

A corda do feixe

Cando van pr-ó monte, miran pra casa;
cando van pra casa, miran pr-ó monte.

Os cornos da cabra.

Catro saltamontes,
catro correfontes,
dous turulurús,
y-un dalle-dalle.

Os pes, a ubre, os cornos y-o rabo da vaca.

D'entre duas penas feroces
sal un home dando voces.

O p....

Detrás de unha porta,
meter e sacar e dar de barriga;
adiviña, adiviña,
que non é picardía.

Tecer.

Folas fai, mar non é;
espiñas ten, pescado non é.

O trigo nas terras.

Gordo lo teño,
mais o quixera,
e que entre as pernas
no me coupera.

O cabalo.

Picos pra diante,
ollos pra detrás;
burro, *son fiseiras*,
¿non adiviñarás?

Sante e Santiso,
Ove y a Veiga
Tol e Piñeira.
Ribadeu e Vilaselán
¿cantos lugaripos serán?

Oito

Unha señorita mui aseñorada,
chea de remendos, sin unha puntada.

A galiña.

Unha señorita mui aseñorada,
sempre ta na casa e sempre ta mollada.

A lingua.

Unha vella con un dente
chama a toda a xente.

A campá.

Vamos pra cama
a facer o que Dios manda;
xuntar pelo con pelo,
e deixar o bule-bule no medio.

*Dios manda dormir; pra esto hay que
xuntal-os pelos das pestañas, deixando o
ollo, que é o bule-bule, no medio.*

Tres medias moscas e mosca e media
¿cantas moscas son?

*A gracia désta adiviñanza consiste en
decila mui de presa, de modo que o pergun-
tado non se decate de primeira intención da
inocencia da pregunta.*

ALCUMES

Anotamos únicamente algúns dos máis an-
tergos e coñecidos:

Albardeira, Arrufado, Asturao, Avelaíña.

Cabeciña d'ouro, Calzada, Campoxurado,
Cangado, Caralinda, Carambela, Carboeiro,
Carduxas, Carneasada, Carretona, Carreta-
o-sono, Casaquilla, Caseiro, Chícaro, Cora-
da, Cochobravo, Corremuito, Cosco, Coste-
lo, Crego, Croco, Cucagado, Cuco, Curiña,
Cholendro, Choupin, Chourizo, Chousego,
Chouzado, Chuchademos, Cristos.

Da carrilana, Da galla, Da moca, De anxé-
lin, Da pega, Da ucha, De xepe, Do lombo,
Do loro, do mesón, Do molín, Do secretario,
Dos pinos.

Escateira, Escamero, Escandona, Espin.

Fagosta, Fanego, Farro, Farolera, Ferra-
doras, Ferragusa, Fillón, Fondón, Forcada.

Gallimandra, Garrocho, Gato, Grilo, Guil-
deiros.

Lambón.

Merlo, Mexón, Mi-Antoño, Milmañas, Min-
gos, Minguín, Monxardiña, Monxo, Morteira.

Nenanova.

Pataca, Pataqueiro, Páxaro, Paxelo, Paz-
pallar, Peruxo, Perrochico, Pichoco, Pilla-
bán, Pito, Putavella.

Rangalleira, Raposeira, Raxado, Reculta,
Regueiro, Ruanova, Rulo.

Santallón, Santos, Seria, Soberbio, Soleti-
lla, Sombreirón, Tereso, Teresón, Tirabe-
que, Treixo, Trincadura, Tripoira, Turco,
Xastrillo, Xenxarrin, Xuco, Zacurro, Zoco,
Zoqueiro.

*Nota.—Seguíndo unha división estableci-
da por J. J. Nunes n-un artigo (Apelidos e
Alcumes) que ten citado algunhas veces Vi-
cente Risco, poderíanse clasificar os alcumes
anotados máis arriba, da seguinte maneira.*

*Que teñen orixen en semellanzas con ani-
males: Cochobravo, Pega, Loro, Farro, Ga-
to, Grilo, Pazpallar, Pito, Rulo, etc.*

*Que teñen orixen en ouxelos ós que os al-
cumados tiñan afección: Carneasada, Cora-
da, Chourizo, Perrochico, Sombreirón, Zoco.*

*Que teñen orixe en cualidades físicas e
morais dos alcumados: Arrufado, Caralín-
da, Carreta-o-sono, Corremuito, Cucagado,
Do lombo, Fillón, Lambón, Mexón, Milma-
ñas, Pillabán, Seria, Soberbio, Turco (que
quer decir: malo aspro, duro de corazón),
etcétera.*

*Que teñen orixe en circunstancias da vida
da persoa alcumada: Albardeira, Cabeciña
d'ouro (chamábaselle así a un home muy
rico), Carboeiro, Carretona, Caseiro, Crego
(porque era mui amigo de ir a irexa), Curi-
ña (porque houbera un na familia) Da car-
rilana, Do mesón, Do secretario, Farolera,
Ferradoras, Pataqueiro (porque un ano de
fame repartiú patacas entre os probes), Trin-
cadura (porque foi capitán de unha embar-
cación de esta crase), Xastrillo, Zoqueiro,
etcétera.*

CANTARES

- 1 A miña muller morreume
y-enterreila no palleiro;
deixeille os brazos defora
pra que tocase o pandeiro.

- 2 A muller de Roque Troque
anda bailando na eira;
Roque Troque ta mirando
casi-a muller se peneira.
- 3 A muller do tío Mateu,
Xerónimo meu,
ten unha xoroba,
que lla fixo o tío Mateu,
Xerónimo meu,
co rabo da escoba.
- 4 Anda, Maripepa,
remend'o refaixo,
que o tes rachado
por riba e por baixo;
anda, Maripepa,
remenda a mantilla,
que a tes rachada
por baixo e por riba.
- 5 ¡Ay, por eso, canta y-auga mala
debe haber no mar!
¡Cantos bichos feos
viamos pasar!
¡Ay, casi corrían;
parecían corzos,
daban voltas unhos
por derriba de outros!
Un dos nosos compañeiros
deu no barco un tropezón
e por nada cai ó mare
e o traga un tiburón.
Daba medo velos
facer a instrución;
vimos setecentos
dentro de un melón;
e cando miramos
pro fondo do mar
vímoslos bailando
dentro de un dedal.
¡Desgraciados de nosoutros,
nós que vamos a facer;
pra mercar xugos pr'ás vacas
nos tivemos que vender,
vinteún ferrados
de pan de centeo
e mais un porquiño
que tiña o Valego;
si nos descuidamos
vendemos tamén
*ocho conejitos
que tenía Forés.*
- 6 Aló enriba, non sei dónde,
había non sei qué santo;
rezándolle non sei qué,
ganábase non sei canto.
- 7 Apaga o candil,
Marica, chus-chus,
apaga o candil,
que da muita luz.
- 8 A raíz do toxo verde
é mui mala de arrincar;
os amorifos primeiros
sonche malos d'olvidar.
- 9 Arriba, pandeiro torto,
arriba, manta mollada,
que donde tamos os homes,
as nenas non valen nada. (1)
- 10 Arrimeime, arrimeime,
funme arrimando,
á criada do cura,
cominlle o caldo. (2)
- 11 As mozas da Pontenova
dicen que non beben viño,
e debaixo do mantelo
traen o xarro escondido.
- 12 A subila i-a baixala
a costa de Ribadeu,
á subila i-á baixala
perdín a cinta do pelo.
(Ou:
perdín o que n'era meu).
- 13 Bailache, bailache,
bailache.
—Baitei.
—Na horta do cura,
qu'eu ben te mirei.

(1) Variante:

Que en donde estamos as nenas
os homes non valen nada.

(2) Este cantar, recollido por Pérez Bailesteros, ten unha segunda parte que é:

Agarrei a cazota —rompíall'o mango,
e por eso a criada— quedou chorando.

- 14 Cantan os galos; é día,
meu amor, érguet'e vaite.
—¿Cómo m'hei d'ir, queridíña,
cómo m'hei d'ir e deixarte?
- 15 Chamácheme pouca roupa:
si tes muita, teu porveito;
teño menos que sacare
á noite, cando me deito.
- 16 Debaixo da miña cama
téño ch'un nido de lebre,
e ti debaixo da tua
tel-o demo que te leve.
- 17 Esta noite hei d'ir aló,
neníña, non teñas medo;
déixam'a porta pechada
c'unha palla de centeo.
- 18 Est'ech'o son da mariña,
est'echo son mariñán,
est'echo son da mariña,
qu'así o canta meu irmán.
- 19 Eu pedinllo á unha rapaza,
qu'era do val de Viveiro;
eu pedinllo no camiño
i-ela deumo no carreiro.
- 20 Heiche de dar, chis-chis,
héiche de dar, chis-chas;
heiche de dar, xa m'entendes,
heiche de dar, xa verás.
- 21 Heiche de toçal-as conchas,
miña carrapucheiríña,
heiche de toçal-as conchas
n'aquela corredoíríña.
(Ou:
ó son da miña gaitíña).
- 22 Homes e mulleres,
rapaces e todo,
vide vel-o dote-
que me deu meu sogro:
unha manta vella
c'un remendo roxo,
unha cabra cega
c'un cabrito coxo;
- ¡ai, ai, ai!
deume un pote vello,
¡ai, ai, ai!
todo ta furado,
¡ai, ai, ai!
verque pol-o fondo,
¡ai, ai, ai!
coma un condanado.
- 23 Maruxíña, Maruxíña,
a do refaixo marelo,
si t'atopo no camiño
non ch'a de valer «non quero».
- 24 Nena que tas na ventana
cas puntas do pano fora,
recólleas para dentro,
que o pano no me namora.
- 25 Non quero zapato baixo,
que se m'enterra na areia;
non quero amores de lonxe,
que os teño na miña aldea.
- 26 Non te cases con ferreiro,
que ten muito que lavare;
cásate con mariñeiro,
que ven lavado do mare.
- 27 O amor da costureira
era papel e mollouse;
agora, costureiríña,
o teu amor acabouse.
- 28 O crego, cando vai fora,
déixalle dito á criada:
—Nena, se non veño logo,
déitate na miña cama.
- 29 O cura da miña aldea
ten a levita rachada,
que a rachou unha noite
xogando co-a criada.
- 30 O cura chamoume rosa,
eu tamén lle respondín:
d'estas rosas, señor cura,
non-as hai no seu xardín.
- 31 O cura e mail-a criada
xogan os tibiriquiños;

- a criada cai d'espaldas
i-o cura cai de fuciños.
- 32 O meu fillo Pepe,
como é tan agudo,
tomab'as medidas
con un garabullo.
- 33 O meu fillo Pepe,
como é tan atroz,
comeu unha ola
de papas d'arroz.
- 34 O meu fillo Pepe
fix'unha levita,
no medio d'aspalda
plantoulle unha cinta.
- 35 O meu fillo Pepe
fix'un pantalón;
no medio do cú
plantoull'un botón.
- 36 O río, cando vai cheo,
leva castaños e follas;
tamén debera levar
as linguas mormuradoras.
- 37 O señor cura non baila
porque tiene la corona;
baile, señor cura, baile,
que Dios todol-o perdona.
- 38 Os solteiros valen ouro,
os casados valen prata;
os viudos, caldeirilla;
os vellos, folla de lata.
- 39 Pica, canteiriño, pica,
pica na pedra miuda;
pica na muller allea,
qu'outro picará na tua.
- 40 Pol-o mar abaixo
vai unha tixela
chea de chourizos;
iquen me dera n'ela!
- 41 Por andar de parranda
como me vexol:
con as pernas arrastro
com'un cangrexo.
- 42 Quedache de vir ás nove,
víñeches ás nov'e media;
esas non che son palabras
pra unha neníña solteira.
- 43 Quixen facer un cigarro
por non perdel-o costume,
y-atopemeime que non tiña
tabaco, papel nin lume.
- 44 Santa Cruz está n'un alto
e Ribadeu no baixiño,
y-a beira da carretera
está a Virxen do Camiño.
- 45 Santo que tas no cainzo:
bota castañas embaixo,
bota d'esas meirandifias,
qu'ás pequenas non me baixo.
- 46 Sei un nido de paxaro
aló no monte da xesta;
se me das co nido, nena,
se me das co nido hai festa.
- 47 Sempre m'andas preguntando
de que romaría veño;
veño de Santa Lilaina,
de Santa Lilaina veño,
'Ou:
...de Santa Lilaina chego)
- 48 Señor vigilante: déixenos pasar,
que somos de Rinlo
e vamos pr'ó mar.
- 49 Señora Marica,
corrou-cou-cou,
ramo de loureiro,
corrou-cou-cou,
que debaixo das sayas,
corrou-cou-cou,
ten o tabaqueiro,
corrou-cou-cou,
- 50 Se queres qu'o carro cante
móllalle o eixe no río,
e despóis de ben mollado
canta com'un asubío,
- 51 Se queres que vaia e veña,
mocíña, ó teu lugar,

- has de prender a cadela,
que non fai se non ladrar.
- 52 Si teu pai non-o ten
e tua nai non cho da
zél de ónde che ven
o la-la-la-lá?
- 53 Tate quieto, Feliciano,
non me rompál-o refaixo;
se queres que rompa logo
métell'a mau por debaixo.
- 54 Teño lanchas, teño redes,
teño sardiña no mare,
teño unha moza bonita,
xa non quero traballare.
- 55 Tiro-liro, miña gaita;
tiro-liro ¿qué che falta? (1)
- 56 Unha noite me colleron
n'unha fiada de lan;
unha noite me colleron,
outra non me collerán.
- 57 Unha noite no muiño,
unha noite non é nada,
unha semana enteira,
esa sí qu'é fariñada.
(Ou *muiñada*).
- 58 Vente vindo, vente vindo,
vente vindo, vente andando,
e por non perdel-o tempo,
coll'a roca e ven fiando.
- 59 Virxen de Vilaselán
jónde fuche aparecida!
À mesma beira do mar,
ó pe d'unha fonte fría.

(1) Nunca ouvimos máis qu'esto. O cantar remata decindo:

...tel-o viño na bodega
e pan de trigo na arca.

Así o recolleu Pérez Ballesteros. *Cancionero Gallego*. Tomo II.

Tamén coñecemos outra variante

un vaso de viño tinto
para mollaba garganta.

- 60 Virxen de Vilaselán,
danos o vento na popa,
que somos de Porcillán
e témol-a vela rota.
- 61 Salta, Pedro, do balado
tíroche unha pedra,
fágoche un furado,
tel-o calzón roto,
véseche o mingallo.

COMPARANZAS

Burro:

Máis burro que un arado.

Conocido:

Máis conocido qu'a ruda.

Delgado:

Delgado como un espárrago,
como un espeto,
como un fideo,
como unha lombriz.

Gordo:

Gordo com'o bacalau pol-o rabo,
como un bocoi,
como un bochelo.

Listo:

Listo como unha ardilla,
como unha ave que lle chaman o sapo
como unha centella,
como unha pólvora,
como un raio,
como un reguilete.

Mouro:

Mouro com'o cu do pote,
com'o cu da sartén,
com'o demo,
como un cazón.

Probe:

Com'as ánimas.
as arañas.
os das portas.
as ratas.

Tolo:

Máis tolo qu'unha cabra.
qu'unha esporta.
qu'unha esporta de grilos.

Vello:

Vello com'andar á pe.
com'a potra d'Adán.
com'a punta da Cruz.
com'o penedo do Galo.
com'os camiños.

Xordo:

Xordo com'un arado.
com'un croio.
com'unha pedra.
com'unha tapia.

MODISMOS

Abrir o ollo.
A cantos manten a fariña.
o pan de maiz.
Acusar as corenta. (1)
Afeitarse sin navalla.
en seco.
Afloxar a bolsa.
Afogarse en pouca auga.
Agachar as orellas.
Agarrarse como unha lapa (*lapa*, ar-
neirón).
Amén (Todos te f... i-eu tamén).
Andar ás apalpadelas.
Andar (á un) co-a cara.
co-a mosca na orella.
detrás da orella.

(1) Referenza ó xogo do tute.

Andar con contos.
pes de plomo
(á un) cos dentes.
en pes de lá.
ô rabo d'un.
pol-as portas.
Año de corenta.
Anoitecer e non amencer.
Apampar coma vaca do Treixo.
Apretar as clavixas.
Arder nun candil.
¡Ard'o eixe! ou: ¡Ardell'o eixe!
Arrendar a ganancia.
¡Así agardasen as lebres!
Ás mil e quingentas.
A tal hora ch'amenza.
Axustar as contas.

Baixar as orellas.
o lombo.
Botalo todo á rodar.
Botar a i-alma ás costas.
ás espaldas.
leña ó lume.
o ollo (á algo).
o pe diante d'algún.
sapos e culebras.
Botarse á bartola.
a dormir.
a pedir.
Botar un cachamarín ô mar.
unha mau, ou: unha maníña.
Buscar unha agulla n'un palleiro.
Caer a sopa na m...
no mel.
do burro embaixo.
na conta.
os anillos.
Caerse de sono.
Cagarlle á un no morral.
Cargar ô demo no camín.
Caldo de ladrois.
Cando a rá crie (ou teña) pelos.
María pariu á Fernando.
mexen as galiñas.
Cantar as corenta.
Cargar o carro.
¡Cata, cata!
¡Cat'ora!

Comer a enclavadura d'un barco. (*Ser de bon dente, de muita andorga*).

Comer (á un) os ollos,
do pote grande,
com'un descosido.

Contas das vellas.

Cortar un saio.

Costar ferro e fariña.

Cu de ferro.

Cu sin asento.

Chegou Pedro cego (*o sono, diselles ós nenos cando empezan á toquar*.)

Cheira qu'apeta.

Chove ás caldeiradas,
na Veiga.

Chuparlle (á un) os osos, ou os ollos.

Dar (á un) a mau.

co-a porta nos fuciños,
mala espiña (ou: mala espiñoadada),
pra peras.

Darse á chola

Dar sebo ás pernas (ou: ás canelas),
un aire.

un cart'o pregoeiro,
xenio.

Decir cantas son cinco.

(algo) co-a boca pequena,
mil bés.
mil pestes.

Deixarse de contos.

Dereito com'un fuso.

Desamasa, que caeu o forno.

Desnudar un santo pra vestir outro.

Destetar ós nenos.

Día de garabullos.

Digo eu, e non digo misa...

Dios pregunte por tí.

¡É muito conto!

¿En qué quedamos: na peseta ou nos cinco rás?

Entrar na danza.

Erguers'os couces.

Esquencerse d'alientar (*morrer*).

Facer (á un) a cama, ou a camada.

a cruz.

a figa.

Facer a rosca do galo.

as contas da vella.

com'o ano bisesto, que promete e non dá.

da boca cu (*volvers'atrás, faltar á palabra dada*).

o caldo gordo.

por facer.

Falta o rabo por desollar.

Ferver á cachón.

Fresco coma unha leituga.

Gracias á Dios, i-alabado, que xa tou do outro lado. (1)

Haber as do demo.

barro á mau (*ter recursos, dispoñer de monetario*)

un desencravo (*ocurrir un gran disgusto; berrar e chorar muito*.) (2)

¡Haiche que barrer!

que ver!

Has de ver.

Hasta maio, que son os días grandes.

Ir co conto.

de Herodes á Pilatos.

Irse de copas.

Irse os ollos tras de algo.

¡Isca d'ahí!

Levantar cabeza (*reponerse d'un disgusto, d'unha perda, etc.*)

Levar ferro a Vizecaia.

Limpate, que sudás.

¡Lisca d'ahí! (3)

Listo como unha ave que lle chaman o sapo.

Mañar o cazo.

Medrar com'o pollo na cinza.

(1) É dito derivado dun conto popular de buscadores de tesouros que, despois de pasar grandes traballos no desentallamento de unha pedra que cobre un grande haber, tópanse con que a laxte ten esa frase gravurada.

(2) Alude á cerimonia da Eirexa Católica no Xoves Santo.

(3) O mesmo que ¡Isca de ahí. Xa foi empregado por Rosalía:

Isca de ahí, galíña maldita...

(«Cantares Galegos»)

Meter os fuciños...

palla.
pol-os ollos.

Meu dito, meu feito.
Mirar contr'o o goberno.
Mollado coma un pito.
Mollar a palabra.
a palleta.

Morra o conto (tamén se di: *Morra o conto, que o conto non enche*).

Morre do mal do boi (*reventado; ós folgasás díselles: Non, ti non has de morrer do mal do boi*).

Nacer de pe (*ter sorte, ser afortunado*).

Naceu! *díse xeneralmente do que se salva d'un perigo*.

Non casarse con naide.

Non coller en si (*de fachenda, de satisfacción...*)

Non dar unha sede d'auga.

Non digas qu'esa vella e non coceru.

Non e d'xome-d'xome nin pataqueiradas.

Non facer carreira d'un.

Non f... a un o pan de picos.

Non pelar na primeira auga.

Non reparar en pelos.

Non se chega a él, ou a ela. *Díse con relación as cousas que resultan caras de precio*.

Non se para (*co frío, co mal tempo, etc*).

Non tar pra festas.

ter atadeiro.

donde caerse morto; goberno.

pelos na lingua.

ter volta, ou volta de folla.

valer farrapo de gaita.

val un o que come.

Ofrecéuse (*cadrou, preparouse así*).

¡Oh, Dios, con quen eu me case!

Ou es bruxo ou o demo cho dixu (*díse cando un acerta algo que parecía difícil que se sospese*).

Pedir casa cuberta.

Pinga a m... (*díse xeneralmente das mulleres porcas, desaseadas*)

Pingar o moco.

Pintar o que non é.

Poñer o carro diante dos bois (*anticiparse os acontecementos*).

Poño por caso.

Por un pelo d'unha vella (*por nada, por una insignificanza*).

Poucas son as malas fadas.

Que ché medre (*díse a modo de despedida cariñosa*).

Queixarse de vicio.

Quentar as orellas.

Que se ll' ha facer.

Quitar unha cousa da boca.

do medio.

Quitarlle a un as moas.

a pelexa.

Revolver as papas (*falar de cousas que deben calarse, que tan millor esquencidas*).

Revolver as tripas (*decindo cousas desagradables*).

Roupa de comer ben (*a dos domingos*).

Saber de que pé coxea un.

un con que bois ara.

Salir a cocha capada.

Salta, cego, qu' hai un rego.

Santa Lilaída pariu por un dedo, serache verdá, pero eu non o creo.

Ser de bon arrego.

contento.

de pedazo (*eisbréndido, caritativo*).

lobos d'unha camada.

mais conocido qu'a ruda.

mui burro pr'alcaide.

mui valente no prato.

trigo limpo.

un cadramón.

unha argana.

unha malva.

unha xógara.

un xorxín.

uña e carne (*d'un*).

un toxo bravo.

¡Si houbese que limpar como hai vento!

¡Si non fose pol-o que él!

Subir ó poleiro (*lograrse «ese nenín non subirá ó poleiro»*).

(Continuaráse)

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

O QUE SE DÍ D'ALGÚS ANIMAEAS NO AUNTAMENTO DE MONTERROSO (LUGO)

(Proseguimento)

nas tripas do mesmo porco ben limpas, ou noutras mercadas na «tienda»; istes son os chourizos de mellor calidade, pero tamen'os hai de cebola, ou sexa de «chofre»; e morcillas feitas de dulce, arroz, pasas, i-outras especies. Póñense no fumeiro todos, uns no «sarrillo», ioutros en varas e eisi están unhos 15 días. Transe pra casa e escoménzase a comer pouco a pouco, hastra chegar a lús ou martes d'Antroido en que non se lles regla. Dimpois de sacal-os chourizos do fumeiro, lévanse pra cociña as demás partes do porco: xamós, touciños, lacós, etc. en donde están cerca d'un mes e logo pra lacerana levando a mesma sorte c'os chourizos.

PARTES MEDICINAES DO PORCO.—A fel sirve pra curar os furunchos; as pezuñas cando se sacan do animal teñen a propiedade de curar os dóres de moelas, o unto é aparte do porco que máis apriciación ten: algúis cómeno crú; fai moi bó caldo; cura os catarros, mezclado con viño; con sopas é bó pra cural-a diarrea; mesturado con asentes e fregándolle coíl a barriga ós que padecen das «ombriças» cúraos d'iste mal; si unha vaca «en moita tós basta envolvere un pouco n'unha berza e darllo eisi pra que a sane logo moi preto. O unto i-a grasa son o úneco aceite da aldea, utilizándose pra todos os alimentos.

IV.—«O CAN»

E o animal consagrado, n'istas terras, a caza, deporte practicado por gran número de persoas. Tamen'os hai do palleiro: escóllense pra garda da casa, e tense a precaución de buscal-o de gran talla e ferós. Nestes días de xeada acouga no cerebro d'istas xentes unha grande aversión os cas, debido a que estan adoeceñdo a centos, aínda antonte

(25-12-32), cando o criado do crego d'ista vila se dispoñía a tocar-as campanas pra «misa de cedo», atopouse c'un d'eles co estrangulou a dentadas, inoculándolle a dolencia. Dimpois de facer outras disgraceas atoparon ó bó do can moi cerca do pobo en donde van parare todol-os cas doentes. Chámase o santo abogoso d'iste mal Santoutelo, i-o pobo en donde s'alcontra Cumbraos. Parece ser que todol-os cas doentes van all, iasi parece ser, pois eu xa teño oubido isto a moitas persoas de Cumbraos.

Noutros tempos, moito dinantes que Pasteur descubrixe o suero anti-doéntico, Santoutelo era moi visitado, sendo *Carbira* o centro d'istes, pelerinaxes, pero dend'hai poucos anos iste carrilleiro foi deposto polo que con moito gosto axudaron a facer os feligreses de Cumbraos. Na actualidade os mordidos lévanse directamente a Lugo.

Isto das doencias e sin dúbida unha das consecuencias do crima eiquí imperante. Moita auga, aire, xeada... e eiquí o panorama n'istes días de inverno.

Pero volviendo o rego —como decía o meu veciño Antón de Xingal—, prégame moito a iste santo —sobre todo no inverno, pois no verán non hai naide que se recorde d'il—, co soilo ouxeto de que libre os da casa de iste mal; do rezo encárganse as mulleres.

Cando é qu'un can doente morde a unha persoa un dos medios pra coñecer si lle pegou a enfermidade, e poñer a persoa ouxeto d'ensaio a caron d'unha fonte pra que mire nas augas que terán que brilar com'a un espello, e si é que ve a cabeza d'un can, e sinal infalible de que xa está doente, no caso de que nona vexa, a persoa seguirá normalmente.

N'esto das doencias hai, dendo logo, esceu-

ciós. Os cás que teñen dúas ou tres pezunas nas pernas d'atrás, seica non adoecen. A pelexa dos cás grandes serve pra facer loxos. A língoa do can considéranse como moi manciñeira, pois toda ferida que sexa lambida por'il cura moi preto. Cando un can ou-bea é señal de que venta morte no lugar, habendo a caron disto moitos contos.

V.—O LOBO

Moita borralla de verbas, corren a carón de este animal, refrexando todas elas a ferocidade de iste bó de lobo. Paresce ser que Deus lle dou libertade de comer a todos aqueles animaes máis pequenos en forza a il, deixando somentes d'eles a «perna» ia parte das dreitas: isto é fixo. A xente pregunta ¿porqué razón e aís? Soilo se sabe que non deixa mais anaco co da parte dreita, porque ou no lle sabe tan bén, ou, como opinan outros, é un artigo que Deus lle impuxo a iste animal, porque a parte dreita representa a Deus; a izquerda é do demo.

Cóntase que un home de Vilarfonxe criou un lobo creendo qu'era un can. Foi un día ó muiño coel, e como o can lle estorbaba díxolle: —cea d'eiquí can, e tiroulle un cadullo; salta o can (d'entrañas de lobo) e descuartizou ó seu dono, deixando d'il a perna io bra-zo dreito.

Pra facer fuxir ó lobo e bó procedemento encender unha cerilla, ou tirar cun balado. Vindo de tocar da festa de S. Miguel de Coence un gaitero de Salgueiros chamado «O Gomeás», apareceu un lobo n'unha carballeira. O lobo escomezou a outear según costume, e como non lle ofan os seus compañeiros, colleuse o camiño e foi chamal-os persoalmente pra comer o bó do gaitero. Namentras iste engatuñouse por un carballo enriba, io chegaren os lobos, non'o toparon. Os lobos mataron o compañeiro que lles levou o recado e n'estes intres sona a gaita do gaitero e fuxiron coma raios os lobos. Baixouse o gaitero e non parou de tocal-a gaita hastra qu'entrou na sua casa. Según conta apañouse un medo fantástico que ainda lle fai tembrar o corazón o recordal-o.

VI.—A ABELLA

Inda qu'esta produción non sexa unha das máis intresantes d'ista comarca, están bastante adiantados por eiquí os nosos labregos, na maneira d'exprotar industréa de tanto lucro como é a da Apicultura, graceas ó crego d'Argozón, D. Benigno Ledo, que dimpois de moitos traballos, logrou (aínda que non sexa moi satisfactoriamente) que s'imprantase o movilismo nas colmeas.

Como quedan, emporiso, algúis peisanos que siguen aínda c'os curtizos, ou sexa a colmea primitiva, non deixarei d'endicar, as suas costumes o par que expriquo as regras porque se rixen os do «movilismo».

O aspecto qu'ofrecen as albarizas é moi pracenteiro, seña do sistema que se queira. Vamos a vesitar primeiro unha «movilista»: están os panales en posición vertical e metidos n'unhos cadros que poden seren mirados cando millore lle praza ó apicultor, son istes en número de 10 ou 14 según os sistemas; xeralmente non'os deixan enxamiar os nosos homes, pra que logo dean máis mel, pero si sale algún inxamio, métese n'unha colmea, canto máis antes millor, o contrario dos do sistema antigo que deixan ista operación hastra postura do Sol, por crér que non s'alborotan tanto os insectos, non sendo o primeiro caso co bon do labrego por seguir co rilleiro tan erróneo, se queda sin enxamio.

A estraución do mel fana nos meses d'Agosto e setiembre, verificando ista operación os do movilismo, con estractores e volvendo logo a poñerlles a cera valeira pra que a enchan de novo; ios do sistema antigo, esprimindo a cera que lles deixa o mel e que logo derreten pra vender ou pra facer velas ou figuras que imitan animaes, ou distintas partes do noso corpo, pra ofrecerlle algunha d'istas partes, ó santo cos curou de tal ou coal enfermédá.

Emprean todos, pra emboarrchal-as abellas, e librarase eisi dos seus picotazos o fume d'un trapo c'arde, nun afumador, se é dos movilistas, e unha chocolateira de barro se dos outros, ialgúns (os que teñen pesetas) ús goantes de goma pra maior seguridade. Poñen tamén, unhas carantofías d'alambre pra

que lles torne da cara; en resumo, andan con moitas precaucións pra librarse do aguiñón.

Teñen ás abellas, por eiquí, por bichos moi bós pra toda crás de prantas, favorecendo eisi a fecundía das prantas, e pol-o tanto, aumentando os produtos agrícolas. Tómanas por imitación no traballo e organización nas casas, chamándolles, os que eiquí se dedican a vaganza «sangaos», insectos que teñen por moi comedores e que non valen de nada si se exceptúa a fecundación das reinas ou maestras.

Dos produtos das abellas usan a cera, cuxa expresión xa fixen; o propolén qu'è unha sustancia que se parece á resina, pero máis branda e de mellor olfate, usándoo pra cortaduras e para aromatizalos coartos nos días de festa, ien xeral, pra total as feridas que percisen desinfección; seica a carretan os insectos nas pernas d'atrás.

AMADRO VARELA RODRÍGUEZ

(Continuaráse)

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

CANDO toda a súa vida moza era espranza e esplendor auroral, morreu en Porto o enxeñeiro e profesor da Universidade, Rui de Serpa Pinto.

Coneciamolo de hai cinco anos. Foran primeiro unhas cartas serias, asisadas e medidas, que nos fixeron supor un home xa andado mestre da súa técnica e do seu cerebro. Foi despois, durante un viaxe de estudo pol-o norte de Portugal feito na compañía do Bouza Brei, a sorpresa de encontrarnos na estación de São Bento c-un Serpa Pinto case neno, no frorescer vital dos vinteun anos.

Belos días os que co-il pasamos ollando con curiosidade e con amor museus e coleccións. Belos días nas ruas do Porto, na praia de Leça, na Sociedade Martins Sarmento i-entre as ruínas da Citania e de Sabroso, días inesquecibele que nos ensinaron a amar con máis forza o irman Portugal e que nos diron a conecer a sabencia, a simpatía, o entusiasmo e o talento inapreciable de un dos seus fillos máis destacados.

E dende entón ligamos entre nós unha amizade que soio a morte rompeu, e na comunión case diaria de pensamentos, no troque continuo de impresións e no recibo frecuente de traballos e de folletos iamos vendo como os horizontes científicos de Serpa Pinto ampliábanse cada momento. Iamos tendo mostras de a súa actividade redobrada e teimosa, que sen descoidar a súa formación profesional e as súas tarefas docentes, ia avanzando por terreos diversos e descubría primeiro o asturensense de Ancora, colecciónaba logo a bibliografía existente encol de ista industria, sistematizaba os petroglifos portugueses, esculcaba o material do Castro de Terrosa, estudaba as fibulas do Museu de Bragança, reunía e ordeaba n-un catálogo a inxente labor do ilustre Mendes Corrêa, facía escavacións, tomaba parte

activa e brillante nos congresos internacionais de Porto e de Londres e colaboraba nos traballos da Comisión do Mapa do Imperio Romano.

E todo elo sen cumprir apenas os 25 anos, simultaneando a investigación ca cátedra e co despacho do enxeñeiro. Parecía que o Rui, que viñera ó mundo con bagaxe pra unha longa vida, tiña presa de valeirar siquera algo do seu stock admirabel de posibilidades.

Foi a nosa man, a do Bouza Brei e a miña, a que levou a Serpa Pinto a colaborar n-esta revista e a tomar parte na labor do Seminario de Estudos Galegos. Non se escondía á súa perspicacia a identidade cultural do norte de Portugal ca Galicia e sabía ben que un estudo etnográfico ou folclórico emprendido en calquera das beiras do Miño, non podería ser comprendado nen comprendido se non se miraban co igoal amor e con igoal atención as dúas bandas do río.

Por eso, tanto coma os arqueólogos e estudosos portugueses, tanto coma os seus compañeiros da incomparable escola que alenta en Porto, animada pol-o xenio de Mendes Correa, temos dereito os galegos de chamar a Serpa Pinto, o noso Rui. Tanto coma eles temos a pena de choralo, tanto coma eles temos que lamentar a súa perda irreparable.

Serpa Pinto era xa un arqueólogo formado enteiramente nas disciplinas protohistóricas, mais había n-il tamen un notabel romanista e de seguro un xeólogo e un paleontólogo.

Cara a xeoloxía galega, tan necesitada de un home especializado chamáramos nós a atención do Rui, que parecía adiar o noso convite agardando a entrar no campo do traballo con total-as armas empuñadas. E nós fiados na súa mocidade sán e dinámica agardábase sen desacougos e sen presas, can-

do a noticia da sua morte veu ferirnos cruelmente.

Lanzal de corpo, bóo de corazón, sabio e asisado como un vello, intelixente coma o que mais, nobre coma un paladín de outros tempos, era Serpa Pinto coma os vellos loitadores, seguidor fiel e practicante activo da relixión dos seus pais. Eu que coma il son católico, que xunta de il deitei as miñas preces na Sé de Porto, pido dende eiqui aos crêntes que me lean unha oración pól-a ialma do mozo ilustre e crênte que acaba de morrer nos brazos do Señor.

F. L. G.

LIBROS

L'ART PORTUGAIS DE L'ÉPOQUE DES GRANDES DÉCOUVERTES AU XX SIÈCLE (Paris, 1931).

Reseña d'unha gran exposición d'arte portugués.

Despois d'un prefacio do ilustre Director do Museu Nacional d' Arte Antigo, Excelentísimo Sr; José de Figueiredo, o descubridor das táboas de Nuno Gonçalves, trata de: A Arte en Portugal d'endo tempo das grandes descubertas ao século XV; A Pintura; A Tapicería, A Ourivesaría; A Cerámica; Manuscritos, libros imprentados e con miniaturas, portulanas; Mobles, bordados, etc.; Pezas orientais d'influencia portuguesa, e Estampas, Vai describindo e historiando as pezas principais, con gran erudición e senso crítico. No final trai 24 láminas nas qu'aparecen obras pictóricas de Nuno Gonçalves e a sua escola, Gregorio Lopez e a sua, Cristovão de Figueiredo, Sanches Coelho, Frei Carlos, Cristovão de Moraes, Domingos Barbosa, Sequeira, Miguel Angelo Lupi e Columbano, tapices de Nuno Gonçalves, o frontispicio d'un dos libros de Leitura Nova, do tempo de D. Manuel I, e a Custodia de Belem, de Gil Vicente. Constitúe o libro unha boa reseña da Arte portuguesa mobiliar, dende comenzos do Renacemento a comenzos do noso século, con información abondosa, condesada e elegantemente escrita.

REVISTAS

BRETAÑA EN PORTUGAL E NAS AÇORES

EN *An Oaled*, 2.º trimestre 1933, publica Suzanne Leusse unha nota da que tiramos o seguinte: «Enton Pascoaes—o gran poeta e colaborador noso Teixeira de Pascoaes—

amostrandome a serra do Marão que d'endo a sua biblioteka viase ao longe, espricoume qu'os Celtas, instalados outrora en toda esta terra, non se misturaron endejamais cos invasores. Ademais, un dos seus irmans, o soado cazador d'alifantes João Teixeira de Vasconcelos, levoume a unha aldeia situada n'unha ramificación do Marão, a 800 metros d'altitude. Meu pasmo foi grande cando m'atopei de súpeto antre paisanos cos tipos e as costumes de Bretaña, no meio d'unha chea de moimentos que adoitamos ter por céltigos. Ainda tiven outra solpresa d'iste geito que me conmoveu fondamente. Tendo feito un cruceiro á Madeira e Açores, na crenza qu'estas illas representaban os restos d'unha auténtica Atlántida, volvin atopar a Bretaña en pleo Océano...» «mais estaba ben longe de matinar que na maravillosa illa de San Miguel, iba atopar unha región chamada *Bretaña*, aldeias de nome francés, tipos bretós e... a nosa pronunciación».

BOLETIM DE FILOLOGIA

(Centro de Estudos filológicos, (Lisboa) 1932, vol. I, fasc. 2.

SUMARIO: F. Rebelo Gonçalves, *A fala do Velho do Restelo.—Aspectos clássicos deste episodio camoneano.*—Abilio Roseira, *Vida do cativo monge confesso.*—*Miscelânea.*—*Libros e Revistas.*—*Vida do Centro.*—*Régulamento do C. E. F. da Junta de Educação Nacional.*

SCHWEIZERISCHES ARCHIV FÜR VOLKSKUNDE

Basileia, 1932-33.

NOS 3 ns. recibidos: *Le roi est mort-vive le roi!* P. Geiger. — *Remèdes populaires fribourgeois contre les verrues*, P. Aebischer. — *Aus dem rätischen Volksleben*, Simon Leonhard Lötscher. — *Ursprüngliches von der Zigache*, H. Baumgastner. — *Le diable, son nom, son aspect et ses manifestations, d'après des procédures de sorcellerie du Pays de Vaud aux XVIIe et XVIIIe siècles*, P. Aebischer. — *Miszellen.* — *Bücheranzeigen.*

BOLETIN DEL CENTRO DE INVESTIGACIONES HISTORICAS, Guayaquil-Ecuador, 1932.

Grosso volume de copioso sumario. Ant'outros traballos; inserta un genealógico e heráldico: *Los Nôvoas*, por Alejandro Gangotena Carbo, no que se dá noticia das derivanzas ecuatorianas d'aquela ilustre castimonia galega, con reseña de diversos persoages pertencentes a ela.

NÓS, Publicacións Galegas e Imprenta, Rúa do Vilar, 15



A hixiene dos nenos
é a garantía da súa saúde física e
moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o
“**Jabón Sales de la Toja**”,
único que ás súas altas calidades
meiciñás xunta toda a finura e pre-
fume d'un xabón de tocador.

Contribue ó perfecto des-
enrolo das criaturas e evi-
ta o perigo da escrófula e
o raquitismo.

JABÓN
LA TOJA
UNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa
é o mellor.

Honra á Galicia no
mundo enteiro

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.
VÉDENSE EN TODOL-OS ESTABRECIEMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- LOURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo
Santiago de Galicia

Dos Profesores

D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva

CIRUXANO

XINECÓLOGO

FOTOGRABADO

Si quer qu'os seus fotograbados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos

Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha biblioteca galega,
mentras non adquiera as
obras editadas por

NÓS

PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
SANTIAGO